



RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DO CURSO FX11028 FORMACIÓN AVANZADA NOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN NO ÁMBITO DE XUSTIZA

ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dictou a Resolución do 14 de xuño de 2011 pola que se convocan cursos para os empregados públicos da Administración de xustiza de Galicia. (DOG N° 117 do 20 de xuño de 2011).

2 O número de prazas do curso Fx11028 Formación avanzada nos sistemas de información no ámbito de xustiza, que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 30-10-2011 ao 22-11-2011 é de 25 prazas convocadas.

3 Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o Servizo de Xestión das Actividades de Formación e Selección comprobou que para o dito curso quedan 10 alumnos admitidos no curso.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 14 de xuño de 2011 pola que se convocan cursos para os empregados públicos da Administración de xustiza de Galicia. (DOG N° 117 do 20 de xuño de 2011) na súa base novena, apartado C dispón:

c) No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

O número de solicitudes do curso Fx11028 Formación avanzada nos sistemas de información no ámbito de xustiza, que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 30-10-2011 ao 22-11-2011 é inferior ao 50% das prazas convocadas.



De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

- 1 Anular o curso Fx11028 Formación avanzada nos sistemas de información no ámbito de xustiza, que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 30-10-2011 ao 22-11-20112.
- 2 Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2011.

O director

Pablo Figüeroa Dorrego